



O CHUVI SOLICITOU AO MINISTERIO DE SANIDAD A ACREDITACIÓN DE SETE PRAZAS MIR DE PEDIATRÍA

- *“Trátase dunha oportunidade para posicionarnos como referencia en Galicia na formación destes especialistas, xa que seríamos o hospital galego con maior número de prazas acreditadas”, afirma o Dr. Fernández Lorenzo*
- *A autorización das novas prazas polo Ministerio facilitaría as coberturas a curto e a medio prazo*
- *Trátase dunha das medidas que se están a desenvolver para solucionar o problema da carencia absoluta de pediatras en desemprego*

Vigo, 13 de maio 2019. O servizo de Pediatría do Chuvi ven de solicitar ao Ministerio de Sanidad un incremento de 3 novas prazas acreditadas para a formación de especialistas en pediatría no Complexo vigués, pasando das 4 actuais a 7, de cara á próxima convocatoria MIR 2020.

O xefe do servizo de Pediatría, José R. Fernández Lorenzo, explica que - “estamos con moitas expectativas e confiamos en que o Ministerio autorice o incremento das prazas, xa que nestes momentos, a nova estrutura hospitalaria nos permite o cumprimento de todas as esixencias asistenciais e docentes requiridas, presentando uns resultados cuantitativos e cualitativos que avalan a nosa solicitude”.

Cómpre lembrar que a área sanitaria viguesa atende á maior poboación infantil de Galicia, a 72.115 nenos e nenas de 0 a 14 anos, o que xera un gran volume de actividade. “A autorización ministerial suporía que formaríamos nesta área a 7 especialistas anuais, o que significa que en 4 anos disporíamos de 28 novos pediatras. Sabemos que isto supón un gran esforzo docente por parte dos profesionais, pero cremos que é unha oportunidade para posicionarnos como referencia nesta formación especializada, dado que seríamos o centro sanitario galego con maior número de residentes nesta especialidade” - engade o Dr. Fernández Lorenzo

Trátase de realizar unha correcta planificación dos recursos de especialistas para dispoñer de máis pediatras, dada a absoluta carencia actual no mercado laboral de pediatras en desemprego. O paro cero nesta especialidade está xerando dificultades en toda España á hora de cubrir prazas e ausencias dos titulares.

Cobertura pediátrica do 90%

As medidas anteriores enmárcanse no conxunto de actuacións que o Servizo Galego de Saúde está desenvolvendo para poder dispoñer de máis pediatras: ampliouse a posibilidade de xubilación ata os 68 anos, e estase a promover a captación de profesionais fóra de Galicia.

Xunto con todo o anterior, dende a Xunta solicitouse ao Ministerio de Sanidade que aumentase o número de profesionais que permite formar, posto que, na comunidade galega, fórmanse cada ano o máximo número de especialistas posible coas 20 prazas





acreditadas existentes e, aínda así, non hai especialistas dispoñibles nas listas de contratación.

Polo tanto, o Ministerio vai ter que posicionarse con claridade se aposta polo modelo de atención pediátrica con pediatras que defende a comunidade galega. Cómpre lembrar que Galicia é unha das comunidades autónomas con maior taxa de cobertura pediátrica nos centros de saúde, preto ao 90%, mentres que noutras comunidades autónomas, case a metade dos nenos non teñen pediatra e son atendidos polo facultativo de familia.

